



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP de Cerdeiriñas
36586 PILOÑO- VILA DE CRUCES
☎ 886151760/886151761
ceip.cerdeirinhas@edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



RESUMO DO PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19

CURSO 2020-2021



Cada día antes de asistir ao centro, deberá facer unha autoenquisa, para coñecer se presenta síntomas compatibles coa COVID.

Cada familia terá que asinar un documento polo que se compromete a realizar a enquisa diariamente e a non enviar ao alumno ao centro se presenta síntomas compatibles coa Covid, se está en illamento domiciliario por Covid-19 ou se estivo en contacto con persoas en período de corentena domiciliaria por estar diagnosticadas de Covid-19



Equipo covid: 886151760
Centro de saúde: 986592933

No caso de presentar síntomas compatibles coa COVID debe poñerse en contacto co equipo Covid do centro e co Pediatra ou centro de saúde.



Se un alumno presentase durante a xornada lectiva, síntomas compatibles coa COVID, illarase e solicitarase que a familia o recolla no centro coa maior brevidade posible. A familia deberase poñer en contacto co centro de saúde tan pronto recolla ao alumno.



O centro estará dividido en grupos de convivencia estable. Cada grupo usará sempre o mesmo baño e o mesmo patio.



O alumnado deberá acudir ao centro, sempre con máscara e non a poderá sacar en ningún momento, a non ser que o seu mestre lle indique o contrario. Tamén deberá levar sempre unha segunda máscara e un estoxo para gardar a máscara cando non a estea usando (por exemplo: no comedor).



1,5 m é a distancia que terá que gardar habitualmente o alumnado dentro do centro, en relación aos compañeiros do grupo, tanto se están de pé como sentados. Só poderán diminuír esa distancia, coa autorización dun mestre.



Cada grupo de alumnos terá un espazo delimitado no patio que tan só poderá empregar ese grupo de convivencia estable. No patio deberase empregar sempre máscara e procura-

rarse manter a distancia de 1,5 metros entre os seus membros e non compartir material.



Cada grupo de convivencia estable ten asignado un baño. O alumnado dese grupo sempre deberá empregar o seu baño, independentemente da zona do centro na que se atope. Os baños empregaranse por regra xeral de forma individual.



O alumnado poderá asistir á biblioteca, respectando o aforo máximo para cada un dos espazos da mesma. Seguirá as mesmas normas de hixiene e distancia da aula. Cada un dos espazos só poderá ser ocupado por alumnado do mesmo grupo de convivencia estable, respectando 1,5 metros de distancia entre cada alumno. Os libros empregados manteranse illados durante 48 horas.



No comedor manterase unha distancia de 1,5 metros lateralmente e 2 metros cando o alumnado estea encarado. O alumnado non poderá levantarse sen autorización. A comida servirase de forma prioritaria en bandexas individuais cos tres pratos.

O servizo de comedor realizarase de 14:30 a 15:10 h. Antes ou despois do servizo, as familias poden solicitar a recollida do seu fillo.



O alumnado de educación infantil seguirá por regra xeral, as mesmas normas ca o alumnado de educación primaria. De todos xeitos, o uso da máscara na aula non será totalmente obrigatorio. Cada titora valorará as posibilidades e capacidades do alumnado para portar en todo momento a máscara, podendo permitir que non se use. Igualmente, procurarase manter a distancia de seguridade, pero tamén se poderá flexibilizar baixo a supervisión dun mestre. No caso de empregar materiais ou espazos comúns (recantos, tobogáns, etc) desinfectaranse despois de cada uso.



O centro está provisto nas aulas, baños e outros espazos, de xel desinfectante, papeleiras con pedal, panos de man,... Ao entrar e ao saír da aula,

cada alumno deberá desinfectar as mans. Se empregan panos de man, deberán tiralos na papeleira con tapa.

O alumnado circulará polo centro, sempre pola dereita. En todas as instalacións hai frechas que indican o espazo por onde debe circular.



Ao comezo de cada xornada, principalmente no mes de setembro, o profesorado explicarálles ao alumnado as normas de hixiene, distancia-mento e circulación polo centro.

Non
rial



se pode compartir material persoal. No caso de compartir mate-ri- común (pelotas, mesas, etc) desinfectaranse despois de cada uso.




O alumnado do servizo de transporte entrará e sairá do centro de forma gradual e in-dependente entre as distintas rutas. O alumnado non usuario do servizo deberá agar-dar a que un mestre de garda autorice a súa entrada. O horario de saída para o alum-nado non transportado será ás 15:45 h.



As ausencias derivadas da sintomatoloxía compatible coa COVID non é necesario xustificalas, aínda que deberase enviar ao correo do centro, ou deixar no buzón un xustificante no que se sinalen as razóns da ausencia, o diagnóstico do centro de saúde e as medidas a adoptar co alumno.



Suspéndense de forma indefinida as actividades extraescolares vincu-ladas á ANPA. Non se suspenden as celebracións, pero realizaranse de forma individual ou por grupos de convivencia estable. As saídas, no caso de realizarse, faranse tamén por grupos de convivencia estable, e cando máis dun grupo participe na mesma saída, manterán unha distancia de máis de 3 m entre grupos.



As titorías, reunións e tramites administrativos realizaranse de forma prioritaria a través de videochamada, chamada telefónica ou correo electrónico. No caso de ser imprescindible que sexa presencial, deberase solicitar autorización á dirección do centro. Neste segundo caso, será obrigatorio empregar sempre máscara e manterse a unha distancia de 2 metros. En todos os casos, será necesario solicitar a reunión previamente.




Se fose necesario recorrer á educación a distancia empregarase a aula virtual, os blogs, a videochamada, etc en función da idade do alumnado. Dende setembro procurarase familiarizar ao alumnado, a partir do primeiro curso de EP, co manexo da aula virtual e blogs do centro.



En todo o centro hai cartelería (formato cómic) para informar e lembrarle ao alumnado as normas de hixiene, circulación e distanciamento.



A limpeza e desinfección dos baños do centro e outros espazos de uso común realizarase dúas veces durante o horario lectivo (pola mañá) e unha xeral despois do horario lectivo (pola tarde).



Manteranse os espazos do centro ventilados. En todo caso, ventilaranse as aulas 15 minutos antes da xornada lectiva e 5 minutos durante cada sesión. Cando se estea ventilando o espazo, o profesorado poderá autorizar que o alumnado saque a máscara, impedindo que fale ou se xire.



Informarase ás familias a través da páxina web, do servizo abalar, do correo electrónico, da aula virtual, de videochamadas ou chamadas telefónicas, ... Recomendamos que consulten estes medios de forma habitual.

Dado que todo o centro está conformado por grupos de convivencia estable, o profesorado poderá solicitar a flexibilización das distancias e das interaccións do alumnado recollidas neste plan. Ditos cambios deberán ser aprobados polo equipo COVID.